

As fronteiras do heroe

Guillermo Busutil

[Recibido, novembro 2010; aceptado, decembro 2010]

RESUMO Despois de nomear varios autores que se achegaron á temática da Guerra Civil na Literatura española, Guillermo Busutil detense na novela *La muerte tiene la cara azul*, de Rafael Ballesteros, publicada por RD Editores en 2009 e galardoada co Premio Andalucía da Crítica. Dáse conta da estrutura desta obra en cinco bloques narrativos ("El peligro de la libertad", "Rencor de hiena", "Verás el sol", "La imparcialidad del viento" e "Miss Damiani") e achégase ao contido de cada un deles, malia deterse máis polo miúdo en "Rencor de hiena" por considerar esta parte unha "novela perfecta".

PALABRAS CHAVE: Guerra Civil, narrativa española actual, novela histórica.

ABSTRACT After having mentioned some authors who drew near to the subject of the Civil War within Spanish literature, Guillermo Busutil stops at the novel *La muerte tiene la cara azul*, by Rafael Ballesteros, published by RD Editores in 2009 and awarded with the Premio Andalucía da Crítica. It ponders on the structure of this novel alongside five narrative sections ("The Danger of Freedom" ["El peligro de la libertad"], "A Hyena's Rancour" ["Rencor de hiena"], "You'll See the Sun" ["Verás el sol"], "The Impartiality of the Wind" ["La imparcialidad del viento"] and "Miss Damiani") and approaches the content of each one of them, in spite of getting more into detail in "A Hyena's Rancour", as he considers this section as a "perfect novel".

KEYWORDS: Civil War, current Spanish narrative, historical novel.

A Guerra Civil española é unha rugosa cicatriz na memoria á que volvemos a mirada cando algo nos esperta unha vella dor ou ao regresar o pensamento cara a un pasado do que nunca se despexaron as sombras, para entender o presente e afrontar con máis dignidade e respecto o futuro. Tamén a culpa, o medo, a vergoña e o esgazadura foron obxecto de escasas revisións serenas, serias, libres de fetichismos ideolóxicos, de amarguras e de interesadas versións coloreadas polos que converteron en heroísmo a súa postura, á vez que aos derrotados lles negaron o seu berro a favor da liberdade e da vida.

Na literatura española contamos con grandes escritores e historiadores, como Arturo Barea, Manuel Chaves Nogales, Ignacio Aldecoa, Ramón J.

Sender, Juan Eduardo Zuñiga, Hugh Thomas ou Antony Beevor, que nos legaron unha visión marcada polas súas vivencias inseridas naqueles anos de pólvora e lama, de silencios e cánticos, de derrotas, exilios e dor a rentes da terra; polo estudo profundo dende unha perspectiva máis ou menos allea e distante no tempo. Do mesmo xeito que estes nomes, nos últimos anos, apareceron narracións de Manuel Rivas, de Antonio Soler, de Ignacio Martínez de Pisón e de Isaac Rosa, entre outros, que contribuíron co seu talento e co seu estudo dos feitos á memoria da guerra para explorar os claroscuros e desvelar a humanidade posta ao límite dos límites.

A esta estirpe, que busca darlles voz ás vítimas máis anónimas, pertence a novela *La muerte tiene la cara azul*, de Rafael Ballesteros, publicada por RD Editores en 2009 e galardoada co Premio Andalucía da Crítica. Un título que encinta cinco novelas. A primeira, *El peligro de la libertad*, está centrada en José María Torrijos, Robert Boyd e os compañeiros reais e ficticios que tentaron restaurar a Constitución de 1812. Eles forman parte dun relato de corte histórico, aderezado como unha crónica ou un caderno de bitácora, tramado con excelentes descrições, con momentos escénicos enmarcados en Málaga, que lle achegan ao lector o cheiro do salitre, a importancia do valor, da lealdade e do sacrificio, xunto con outras emocións como o medo, a traizón e a necesidade de saber para poder esquecer. Este último concepto, unido ás emocións sinaladas e á irmandade dos homes que defenderon o corazón da liberdade, respuntan e vertebran as outras catro novelas que funcionan independentemente como historias de entidade propia, pero que tamén poden considerarse afluentes dunha novela coral que transcorre dende o alzamento até os anos setenta.

El peligro de la libertad pode considerarse tamén un prefacio, un quilómetro cero dende o que emprender a viaxe que valora o heroísmo das vítimas, o seu compromiso, a súa lealdade inquebrantábel en ocasións e fráxil noutras. Incluso a pasaxe histórica cuxa sombra avanza por baixo das outras novelas, coma se fose a corrente que impulsa as súas tramas.

Rafael Ballesteros consegue que a lectura de *Rencor de buena, Verás el sol, La imparcialidad del viento* e *Miss Damiani*, sexa unha sucesión de vidas, de personaxes que cambian de nome pero que podían ser os mesmos, que nos achegan á guerra, aos maquis, ás fontes de financiamento anarquista, aos encarceramentos e á tortura, e ao axuste de contas con aqueles que traizoaron esta

irmandade de homes que loitaron, que renunciaron á submisión e que creron nun soño. Aos poucos, Ballesteros introduce os lectores nas casas, nas familias, nos medos, na desesperanza, no cansazo, na soidade, na resistencia, na dor, nas crenzas e o corazón duns homes e mulleres, como *El Seco*, *La Mora*, *Bandolé e Rancho*, entre outros, aos que acabamos coñecendo, comprendendo a pesar das súas debilidades, querendo e odiando segundo o seu comportamento, xamais plano nin tópico, senón todo o contrario, exemplo de como o home reacciona ante determinados feitos e situacións. E resultannos personaxes próximos porque Rafael Ballesteros plasma, mediante un excelente dominio dos diálogos, verosímiles e directos, e grazas á excelente introspección psicolóxica que leva a cabo, a humanidade dos seus feitos, as contradicións das súas accións, o heroísmo sinxelo e humilde das súas vidas cheas de arestas e que o escritor non xulga, xa que Ballesteros deixa que sexan eles mesmos, igual que se lle tivese conferido liberdade aos seus personaxes de ficción e entresacados de testemuños documentados, os que se definan e se mostren ao lector.

Cada unha destas novelas revela unha verdade e as súas sombras. Cada unha destas novelas envolve o lector, belíscao e conmóveo. Cada unha provoca que un lembre o relato en garda das cociñas e das chemineas en boca de familiares, de testemuñas protagonistas ou de quen herdaron os feitos para que non fosen esquecidos. Cada unha destas novelas reflíctese na anterior e complementa un relato coral. Pero entre as cinco novelas hai unha que resulta perfecta, unha vez lidas todas, pola súa excelente estrutura e porque vén ser o compendio das demais.

Refírome á segunda que aparece no libro, *Rencor de hiena*, na que Rafael Ballesteros plasma a humillación, as paixóns equivocadas e máis fortes que a conciencia, o medo que paraliza, a bebedeira da violencia, a barbarie do caciquismo, as vinganzas persoais, o valor dos libros que ensinan a vivir no mundo e a escritura como pasaporte cara á salvación interior. E faino sen posicionamentos maniqueístas nin tópicos, realzando as contradicións do ser humano. Os seus protagonistas (Amalia, Anselmo, Bernabé, El Zagal, Damián, Pepa María, Silverio, Udiales ou Nevot) son seres de carne e óso, sombras de viaxes, familias, veciños da memoria de nosos pais, dos campos e dos pobos do noso territorio. Esta novela, de atmosfera lorquiana pola determinación das personaxes femininas e a magnitude das súas traxedias, representa a columna vertebral do resto das historias e dános importantes claves que iluminan este crebracabezas narrativo e tamén o posíbel propósito do escritor. Que un home

se mide polo que quere, non polo que fai, e que se escribe para buscar a verdadeira realidade. Dúas importantes cuestións que, xunto á que sinalaba ao principio, ao lembrar que un personaxe dicía que necesitaba saber para poder esquecer, simbolizan o espírito dunha novela emotiva, sorprendente e humana.

Guillermo Busutil